

ADIÓS, RÍOS, ADIÓS, FONTES

*Adiós, ríos; adiós, fontes;
adiós, regatos pequenos;
adiós, vista dos meus ollos:
non sei cando nos veremos.
Miña terra, miña terra,
terra donde me eu críei,
hortiña que quero tanto,
figueiriñas que prantei,
prados, ríos, arboredas,
pinares que move o vento,
paxariños piadores,
casiña do meu contento,
muíño dos castañaes,
noites craras de luar,
campaniñas trimbadoras,
da igrexiña do lugar,
amoriñas das silveiras
que en lle daba ó meu amor,
camiñiños antre o millo,
¡adiós, para sempre adiós!
¡Adiós gloria! ¡Adiós contento!
¡Deixo a casa onde nacín,
deixo a aldea que conozo
por un mundo que non vin!
Deixo amigos por estraños,
deixo a veiga polo mar,
deixo, en fin, canto ben quero...
¡Quen pudiera non deixar!...
(...)*

"Cantares Gallegos". R. de Castro

ANO 2016

"XENTE DE AQUÍ E DE ACOLÁ"



*O meu avó e os seus amigos nunha
estación de tren camiño de Suíza nos
anos 70.*

Xián Suárez García. 5ºA

*CEIP BARRIÉ DE LA MAZA. Santa Comba
Equipo de Dinamización da Lingua Galega*

Xaneiro 2016

LUNS	MAR	MÉRC	XOV	VEN	SÁB	DOM
				1	2	3
4	5 	6	7 	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30 	31

Días 2, 11 e 18: Feira
 Día 5: Cabalgata de Reis
 Día 7: Volta ao cole
 Día 30: Día da non Violencia e da Paz



Aló polo 13 de febreiro de 1970 emigraba meu avó Benigno a Suiza para gañarse a vida e buscar outras saídas que Galicia e España non lle aportaban. Comezou sendo oficial de segunda, escalando a oficial de primeira ata chegar a ser encargado.

Compartía piso con familia e amigos andaluces e galegos, ata que se casou con miña avoa Luz Divina no ano 75, a cal coñeceu entre bailes e verbenas no seu período vacacional. Pero todo o bo acaba e había que voltar a aquel país que lle dou unha oportunidade, unha estabilidade laboral. E nunha desas levouna consigo e formaron un fogar.

Miña avoa atopouse con un gran inconvinte, o idioma, pero iso non foi un problema para encontrar o seu primeiro traballo nunha residencia de anciáns. Alí as súas superiores eran monxas e tiña compañeiras coas que compartía a situación da emigración.





No ano 81 naceu a súa única filla: miña nai Isabel. Cando cumpriu 6 anos voltaron de novo a Galicia donde estableceron as súas raíces definitivamente, deixando atrás aquel país que lles axudou a arrincar e comezar unha vida.

A historia repetíase co meu tío Xosé (irmán do meu avó) que tamén emigrou a Suiza en solitario.

Nas fotos podemos ver ao avó Benigno na viaxe en automóvil a Suiza e a miña nai Isabel nos arredores da vivenda familiar co paso do tranvía.

Mateo Rodríguez Ferreiro. 4 anos B

Febreiro 2016

LUNS	MAR	MÉRC	XOV	VEN	SÁB	DOM
1	2	3	4	5 	6 	7
8	9	10	11	12	13	14
15 	16	17	18	19	20	21
22 	23	24	25	26	27	28
29						



O meu avó camina de Suíza donde estivo emigrado 29 anos.

Adriano Pérez Rodríguez. 3aB

Días 6, 15 e 22: Feira
Días 8, 9 e 10: Vacacións de Entroido
Día 5: Celebración do Entroido no cole



Os meus pais emigraron a Suíza donde traballaron nunha fábrica de chocolate.


Na foto aparecen cos seus compañeiros de traballo.

Alex Pose Danis. 2ªA

Marzo 2016

LUNS	MAR	MÉRC	XOV	VEN	SÁB	DOM
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

Días 5, 14 e 21: Feira
Día 8: Día Internacional da Muller Traballadora
Do 7 ao 11: Semana da Prensa
Día 15: Día mundial dos Dereitos do Consumidor
Do 21 ao 28: Vacacións de Semana Santa




Os meus bisavós, José Nieto e Jesusa Barcia, emigraron a Arxentina. O avó marchou antes, no ano 1953, e a avoa quedou en Mourelle (Santa Comba) co seu fillo, o meu padrino Che. Estiveron sin verse 9 anos. No ano 1962 veu a buscalos e marcharon no mes de maio nun barco chamado Yapeyú. A viaxe durou 18 días. Nesta foto están diante da Basílica de Luján, unha cidade de Arxentina. Alonso Ameijeiras Nieto. 4º A



A bisavoa Josefa no aeroporto de Santiago de Compastela despois de baixar do avión que a trouxo, vía Madrid, desde Bos Aires (Arxentina) nunha das súas viaxes á súa terra natal. Neste caso veu para coñecer á súa neta que acababa de nacer. Iñaki Lois Riccio. 5º B

Abril 2016

LUNS	MAR	MÉRC	XOV	VEN	SÁB	DOM
				1	2	3
4	5	6	7 	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	



Miña avoa materna diante do restaurante Moleson donde traballou durante dez anos mentres estivo emigrada en Berna (Suíza). Esta fotografía data do ano 1983.

Yago Fidalgo Paredes. 3ª

Días 2, 11, 18 e 30:
Feira
Día 7: Día Mundial da Saúde
Día 23: Día do Libro
Do 18 ao 22: Semana do Libro







Meus avós, Teresa e Manolo, emigraron a Suíza cando eran moi novo levando consigo ao seu fillo, o meu pai José Manuel.

Nesta imaxe, que data de 1990, aparecen na viaxe de regreso a Suíza despois de pasar aquí as vacacións do verán.

Naiara Arijon Rodríguez. 6ª

Maio 2016

LUNS	MAR	MÉRC	XOV	VEN	SÁB	DOM
						1 
2	3	4	5	6	7	8
9 	10	11	12	13	14	15
16 	17  Letras Galegas	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					



Esta fotografía tomouse no ano 1960 no porto de Vigo, a donde chegaban os emigrantes en barco procedentes de Sudamérica. Aparecen miña avoa e as súas tres irmáns que foron esperar ao seu pai, cargado con maletas e algún agasallo como os bolsiños que teñen nas mans.

Claudia e Fabio Facal Pereira. 1ªA e 4ªB

Días 9 e 16: Feira
Día 1: Día do Traballo
Día 9: Día de Europa
Día 17: Día das Letras Galegas: Manuel María Fernández Teixeiro



No ano 1954 o avó Manolo asistía a una escola na cidade de Bos Aires, en Argentina. Como curiosidade destacar a vestimenta típica dos escolares de primaria argentinos.

Iñaki Lois Rieiro. 5ºB

Xuño 2016

LUNS	MAR	MÉRC	XOV	VEN	SÁB	DOM
		1	2	3	4	5 
6	7	8	9	10	11	12
13 	14	15	16	17	18	19
20 	21	22 	23 	24	25	26
27	28	29 	30			



*Nesta fotografía estou na gardería á que asistía en Suíza cos meus compañeiros, no ano 2005, antes de vir para Santa Comba.
Kayla Vilariño Pombo. 6ºB*

Días 4, 13 e 20: Feira
Día 5: Día Mundial do Medio Ambiente
Día 22: Remate do curso
Día 23: Cachela de San Xoán
Día 29: San Pedro



*Nani veu do Sahara ca súa familia e outros inmigrantes para traballar e ir á escola. Leva 10 anos en España.
María Rial García. 2ºB*

Xullo 2016

LUNS	MAR	MÉRC	XOV	VEN	SÁB	DOM
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31



Días 2, 11 e 18: Feira
Día 25: Santiago Apóstolo

O tío do meu pai emigrou a Brasil cando aínda era un neno. Meu pai conseguiu visitalo cando xa pasaran 50 anos.

María Rial García. 2ºB

O meu avó Emilio Antelo en Holanda, no ano 1960, donde estivo emigrado.

Adrián Periscal Antelo. 6ºB



Deixamos o noso país, a República Dominicana, para asentarnos en Santa Comba no ano 2015.

Nesta imaxe están os meus bisavós que quedaron na República Dominicana. Estrañosos moito!!!

Francisco Javier Cadete Brito. 1ºA



Agosto 2016

LUNS	MAR	MÉRC	XOV	VEN	SÁB	DOM
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

Días 6, 15 e 22: Feira
 Día 15: Nosa Señora.
 Alón e Vilamaior

Na fotografía aparece o meu avó pater-
 no, que se chama José, no ano 1977.
 Traballaba en Suíza de gruísta e está á
 lado do helicóptero que empregan para
 levar o material ás montañas para a
 construción de vivendas a 1200 m de
 altitude.

Íker Quintáns Pereira. 4aB




Os meus avós, Manuel Gerpe e Larissa
 Suárez estiveron emigrados en Brasil.
 En agosto do 2008 regresamos á terra
 natal dos meus avós para non volver
 marchar.

Na imaxe podemos ver o emotivo enco-
 ntro de meu avó co seu irmán Celestino
 no aeroporto de Santiago de Compostela
 despois de 52 anos sin verse.

Larissa Gerpe Rangel. 5ºB

Setembro 2016

LUNS	MAR	MÉRC	XOV	VEN	SÁB	DOM
			1	2	3	4
5	6	7	8	9 	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		



Os meus avós maternos, Mercedes e José Antonio, estiveron emigrados en Bellinzona (Suíza).

Nesta fotografía feita no ano 1988 atópanse nun parque donde están representadas, en miniatura, o máis emblemático de Suíza.

Nerea Negreira Suárez 4aB

Días 3, 12 e 19: Feira ao cole
Día 9: Posible volta



José Rieiro de Rebordelos (Santa Comba) casouse con Ivonne Knegy en Berna, Suíza, no ano 1981.

Tanto os noivos coma os convidados foron en carros de cabalos.

Kayla Vilariño Pombo. 6ºB

Outubro 2016


LUNS	MAR	MÉRC	XOV	VEN	SÁB	DOM
				1	◆	2
3	4	5	6	7	8	9
10	◆	11	12	13	14	15
17	◆	18	19	20	21	22
24	25	26	27	28	29	30
31						

Días 1, 10 e 17: Feira
Día 12: Día da Hispanidade

Esta é a miña avoa Esther na fábrica de reloxos donde traballou todos os anos que estivo emigrada en Suíza.
 Luán Guiance Lois. 4aB



Meus avós coñecéronse en Suíza no ano 1968 e casáronse nese mesmo país no ano 1970.
 Alba Rial Pazos. 5ºB



O meu avó José emigrou a Alemaña sendo moi xoven: 18 anos. Nesta imaxe (1971) aparece na empresa na que traballaba xunto ao coche que comprou cos seus primeiros aforros.
 Alba Arijón Rodríguez. 4aB

Novembro 2016

LUNS	MAR	MÉRC	XOV	VEN	SÁB	DOM
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				




Por casualidade, o meu padriño viviu en Bos Aires cerca do seu amigo e veciño de Mourelle, Pepe de Gaspar. A súa casa está ó lado da casa do meu padriño, e... foron atoparse a un país tan grande!! Nesta foto están o meu padriño Che, Jesusa, a miña bisavoa e Pepe de Gaspar, en Bos Aires.
Alonso Ameijeiras Nieto.
4ª

Días 5, 14 e 21: Feira
Día 1: Tódolos Santos
Día 25: Día Internacional contra a Violencia de Xénero

A miña nai naceu en Portugal e o meu pai en Santa Comba. Os dous emigraron a Suíza, donde se coñeceron, e donde residimos ata o 2015, ano no cal decidiron voltar a Santa Comba.
Nas imaxes pódense ver a meus pais e ás persoas que se encargaban de coidarme en Suíza. Tamén o pobo donde viviamos.
Maikel Martínez Marques. 5ª

Decembro 2016

LUNS	MAR	MÉRC	XOV	VEN	SÁB	DOM
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	



Días 3, 12, 19 e 31:
Feira
Día 6: Constitución Española
Día 8: Inmaculada Concepción
Día 10: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos
Día 25: Nadal



O meu tío José emigrou a Suíza e aquí podemos velo no seu posto de traballo no ano 1989.

Manuel Vieito Villar. 5ºB

Nesta foto aparecen meus avós e miña tía cuns amigos antes de vir de Venezuela no ano 1988, donde estiveron emigrados uns 9 anos.

Un ano máis tarde meu avó tivo que volver emigrar a Suíza. Esta imaxe está tomada no seu traballo no ano 1995. 26 anos despois, aquí estamos... a familia toda xunta festexando que o meu avó está de volta na nosa terra, e desta vez non volverá marchar.

Adrián Vilariño Antelo. 4aB

A EMIGRACIÓN E A INMIGRACIÓN EN SANTA COMBA

Un factor que exerceu unha gran influencia no desenvolvemento económico e sociocultural do concello, desde sempre, foi a elevada emigración da poboación que podemos dividir en distintas etapas:

- **Primeira etapa:** Desde comezo de século dirixiuse cara a América, principalmente á Arxentina e ó Brasil donde aínda existe unha importante colonia. É unha emigración de longa duración e en moitos casos definitiva.
- **Segunda etapa:** Comeza a finais dos 50 e continúa na década dos 70. Diríxese cara ós países europeos, principalmente Suíza, Alemaña e Holanda. A diferenza da primeira etapa, non é definitiva e os emigrantes acaban retornando.
- **Outras:** Tamén tiveron grande importancia as migracións interiores cara ó resto do Estado (Madrid, País Vasco e Cataluña). Pódese considerar unha terceira etapa na actualidade a emigración interior cara a Madrid, Barcelona e, sobre todo, ás Canarias. Santiago foi un importante foco de atracción entre 1970 e 1986, que absorbeu o 20% dos que marcharon. Castriz e Padreiro ofrecen as maiores porcentaxes de emigrantes, e Santa Comba e A Pereira as que menos.

Actualmente, ademais de ese movemento migratorio, estase a dar unha elevada inmigración, contando no noso centro con alumnado procedente tanto de outras comunidades autónomas como de outros países (Brasil, Uruguay, Moldavia, ...).

O noso agradecemento a toda a Comunidade Educativa e ao Concello de Santa Comba pola súa colaboración.

CEIP BARRIÉ DE LA MAZA. Curso 2015/16